

O "PROGRESO" E O DRAMA DO EMPREGO. TRABALLAR OU NON TRABALLAR E CÓMO. AÍ ESTÁ A CUESTIÓN

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ [Trad. e notas]

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 9 Maio 1996

Aceptado: 10 Xullo 1996

No ano 1996 recrudescíuse o debate sobre o emprego en España e en Europa, pero tamén a escala internacional (o G7 debateu sobre esta cuestión nunha das súas últimas reunións).

Debátese en España, pois as cifras de desemprego (máis de 3,5 millóns segundo a *Encuesta de población activa*), que superan o 20%, e as cifras de desemprego xuvenil, que superan o 40%, son as máis altas da Comunidade Europea e da OCDE. En Europa porque o desemprego europeo, que supera o 10%, foi en aumento nos últimos anos e é moi superior ó desemprego dos Estados Unidos, que non supera o 6%, e ó de Xapón que non supera o 4%. En Alemaña hai unha gran preocupación ó supera-lo paro a cifra de 4 millóns (máis do 9%) e en Francia con tres millóns de parados (máis do 10%), onde se puxo de actualidade por Jacques Chirac o termo de fractura social, tomado de Emmanuel Todd.

O debate anímase con publicacións de grande impacto como a de Jeremy Rifkin, *The end of work: The decline of the global labor force and the doawn of the post-market era* (NY: Putnam's Sons, 1995) (A fin do traballo: O declive do emprego e a chegada dunha era pos-mercado). Rifkin é un antigo radical americano, que pasou tamén pola famosa Wharton School e que, agora, realiza informes e asesora á Administración Clinton.

Di Rifkin: "Políticos e economistas fan como se a suba do paro fose un accidente do camiño, un simple problema de axuste entre a oferta e a demanda, que se reabsorberá a medida que as nosas economías, embarcadas na era da información, vaian consumindo os produtos derivados destas novas tecnoloxías e creando, á súa vez, novos mercados. Esta visión optimista, fundada no postulado dun progreso liberador, é unha parvada, unha ridiculez. Entramos nunha nova fase da historia que se caracteriza polo declive inesorable do emprego. Dende a depresión dos anos 30, nunca o paro foi tan elevado. O número de persoas subempregadas ou sen traballo dispárase, e os que chegan ó emprego atópanse cunha revolución tecnolóxica en pleno apoxeo, que non ten precedentes. Xa non serven as formulacións segundo as cales unha produtividade acrecentada implica unha redución dos custos de produción, un aumento da oferta de bens e, polo tanto, do poder adquisitivo e, a medio prazo, aumento da demanda de novos mercados e, polo tan-

to, da creación de empregos novos. É certo que aparecen novas necesidades en saúde, ocio, etc., pero os empregos que se crean non están, nin con moito, ó nivel dos que se destrúen. O sector da biotecnoloxía que se cita como industria faró, guía, só creou nos EE.UU. 100.000 empregos nos últimos dez anos. Só a reestructuración das empresas ("downsizing") destrúe dúas veces máis de empregos ¡¡cada ano!! Serían necesarios dez sectores como o da biotecnoloxía para reduci-lo paro nun punto".

Rifkin sinala que os que se van beneficiar da nova situación serán os "super-ricos", os "novos cosmopolitas", a oligarquía do mundo dos negocios, que será a principal beneficiaria dos incrementos de produtividade. Beneficiaranse, tamén, a casta das "novas profesións liberais, os analistas de símbolos altamente cualificados e os *asalariados do coñecemento* que xera a economía da información. Os investigadores, programadores, creadores de programas, avogados, consultores, banqueiros de negocios, especialistas de marketing, editores produtores que teñen en común utiliza-lo último berro da tecnoloxía da información para identificar, transmitir e resolve-los problemas".

O ministro de traballo de Bill Clinton, Bob Reich, na súa obra *O traballo no mundo: A nova riqueza das nacións*, denominaba ós sectores con máis posibilidades de emprego como "traballadores simbólicos". Rifkin fala dunha "nova elite, tribo nómada na que os seus membros están moito máis ligados entre eles cós Estados nación nos que fan os seus negocios". En 25 anos esta elite que representa o 15% da poboación controlará o 60% da riqueza dos EE.UU. O resto da sociedade sae perdendo. Nos EE.UU. hai 37 millóns de americanos pobres, 5,4 millóns máis ca en 1989. O problema, segundo Rifkin, reside en que "a solidariedade é moi problemática entre os membros dunha mesma sociedade que non viven, que habitan na mesma economía" (a propósito do hábitat, estanse levantando muros urbanos que separan drasticamente a poboación en función da súa posición social, do seu traballo, das súas formas de vida, educación, ocio...). Rifkin sinala: "Antes pensábase que co ano dous mil cada un podería traballar só 30 horas á semana e podería consagra-lo resto do tempo ós seus gustos, ocio. A medida que chegamos ó dous mil, vemos que un sector da poboación traballa 60 horas á semana e outro está sen emprego". Fronte a iso, Rifkin defende un *capitalismo social*, o "terceiro sector" que representa nos EE.UU. o 6% da produción e o 10% da poboación: 1,4 millóns de asociacións financiadas por doazóns privadas e vinculadas a defender unha causa social: persoas maiores, enfermos, diminuídos, mozos de medios desfavorecidos, os marxinados, sen teito, necesitados...

Para dar conta do debate internacional que está tendo lugar no mundo sobre o emprego, se é posible a redución da xornada de traballo, incluímos dous esclarecedores artigos publicados en *Le Monde*.

O primeiro, na súa primeira páxina o domingo 5 de maio de 1996, titulado "Repensala sociedade de traballo" e asinado por Alain Lebaube. Escribe Lebaube: "Paradoxo: mentres que cada ano o primeiro de maio, a festa do traballo, continúa celebrándose ritualmente, a praza do traballo nas nosas sociedades cada vez é máis discutida, incluso contestada.

En Francia, o debate non cesa de crecer, de amplificarse¹. "Multiplícanse os libros publicados sobre este asunto: citemos algúns como o de Dominique Méda: *Le travail, une valeur en voie de disparition* (Aubier), ou o de Robert Castel: *Les métamorphoses de la question sociale* (Fayard). Filósofos, sociólogos, intelectuais ou expertos multiplícan as contribucións e alimentan a reflexión con novas obras. Numerosas revistas participan neste debate como por exemplo *Esprit*² "que conseguiu os seus maiores éxitos editoriais con números extraordinarios consagrados ó tema "O futuro do traballo", N. 8-9, (agosto-setembro, 1995), e "Cara a unha sociedade de pluriactividade", N. 12, (decembro, 1995)". Cada semana hai novos coloquios, seminarios, etc., que se multiplican por onde queira. Todos eles, ou a meirande parte, retoman as teses formuladas por Hannad Arendt que escribiu na súa obra *A condición do home moderno*, o seguinte: "A chegada da automatización nalgúns decenios baleirá as fábricas e liberará a humanidade da carga máis antiga e natural, o fardo do traballo, do sometemento á necesidade". Neste libro, que se publicou nos EE.UU. en 1958, dicía tamén Arendt: "Sinxelamente, trátase de valerse do progreso científico e técnico para conseguir aquilo co que se soñara en tódalas épocas sen alcanzalo xamais: chegar a unha sociedade de traballadores que van librarse das súas cadeas do traballo". O que lle permitía anunciar: "unha restauración das outras facultades do home", nunha sociedade que "non soubo nada daquelas actividades máis altas e enriquecedoras polas que paga a pena gañala liberdade" cando, sen embargo, non en tódalas épocas pasadas se sacralizou o traballo, como na nosa.

Agora, diferentes estudiosos retoman as teses iconoclastas de autores que se tiñan como visionarios, como son André Gorz, *Metamoforse do traballo, busca de sentido* e Jacques Robin, *Cambiar de era*. Con eles reaprendeuse que o valor do traballo non foi sempre central e moito menos sinónimo de vínculo, de lazo social, especialmente na Antigüidade. Incluso, formulan as teses do traballo do americano Jeremy Rifkin do que o seu libro *A fin do traballo* se traducirá proximamente ó francés.

Que o cuestionamento do traballo como pedra angular da nosa sociedade teña lugar neste momento preciso e con tantas opinións e tan contradictorias, non debe de sorprendernos. Pola contra, é preciso ver niso a consecuencia última dun contexto económico e social que a persistencia do traballo volve insoportable. Posto que tódolos remedios fracasaron, incluídos os que se presentan como máis racionais, ¿non chegaría o momento de facer salta-las referencias clásicas, as referencias habituais de lectura, afectadas de evidente impotencia? Debido ó desenvolvemento do paro, que afecta a millóns de efectivos, é preciso preguntarse se hai que seguir dándolle sentido a unha función que se vai rarefacendo e á que xeracións industriosas atribuíron o papel central das nosas socieda-

¹ NT: En España, en Galicia, nos medios de comunicación, na televisión, estes debates non interesan moito. Preocupa máis o fútbol. España é un dos países do mundo, ó nivel do Brasil, da Arxentina, superando a Italia, onde este deporte ocupa máis tempo nos medios. España é un dos países europeos, ó nivel de Grecia, onde nos medios públicos, na televisión, radio, se destina menos tempo de antena a tratar sobre o emprego, a debater este e outros graves problemas socio-económicos por responsables, expertos, críticos... Nos medios públicos e privados galegos os debates sobre este asunto e outros que afectan ás condicións de vida e traballo dos galegos son mínimos e os poucos que hai están mediados politicamente.

² NT: Esta revista foi fundada por Emmanuel Mounier, o pai do "personalismo comunitario".

des. Coa crise, que oculta unha mutación, e o fenómeno angustioso da exclusión, é perigoso atribuír só ó traballo a capacidade de produci-lo "vínculo social", como o define Robert Castel, por exemplo. Á vez, é evidente que o traballo está cambiando de natureza. Alí, onde había sufrimento e dor, ligados á necesidade de producir para aseguralas necesidades de sobrevivir, xorden suxecións menos evidentes e máis flexibles. A medida que a evolución tecnolóxica se difunde, o que constitúe a realidade do traballo faise máis informal, máis inmaterial e deixa de responder ós criterios antigos, anteriores. Disténdese a relación co tempo, que permitía establece-las tarefas prescritas segundo as normas. Desvanécese tamén a relación co espacio que fixaba o lugar de traballo. Tanto e de tal xeito que se sabe mal onde e cando comeza o traballo.

VARIAS ESCOLAS: Progresivamente tamén, a famosa teoría do derramamento —"théorie du déversement"— querida a Alfred Sauvy, avellenta de golpe. Nos esquemas pasados, o progreso nunca matou o emprego, as forzas liberadas pola agricultura empregábanse co tempo na industria tayloriana. Sen embargo, nada fai crer que esta teoría siga vixente. A produción pode ser asegurada cada vez máis con menos efectivos e se o benestar xa non depende do único consumo de obxectos ó esta-lo esencial das necesidades obxectivas satisfeitas, o traballo —o emprego— pode diminuír nos países occidentais. Agás nos servizos, que non xustamente considerados, sempre, como emprego...

A partir de aí, pode comprenderse o actual debate que pretende reinterrogarse sobre o lugar reservado ó traballo. Dado que as políticas públicas están afectadas de impotencia, ¿acaso iso pode deberse a que os problemas están mal formulados ou a que non collémos-la medida xusta da mutación en curso? Radicais ou utópicos, refundadores ou críticos, diferentes análises tratan de saír da cuadratura do círculo e buscan, máis alá dos presupostos económicos demasiado empoleirados, a formular doutra maneira os fundamentos da sociedade.

Neste sentido, rivalizan varias escolas, unidas, implicitamente, na posta en causa do valor central do traballo. Por un lado, están os defensores da redución do tempo de traballo e, aínda máis, de comparti-lo traballo, que atopan a súa inspiración do lado de Guy Aznar ou de Pierre Larrouiturou, este último conseguiu a súa reputación coa semana de catro días que a penas disimula o desexo de vivir doutra maneira. Están tamén os que queren explora-las fronteiras, os confíns do traballo, ó substituílo pola idea de actividade. Estes establecen como proxecto o restaurar unha cidadanía que non estaría unicamente baseada no traballo. André Gorz, Jacques Robin ou Jean Louis Laville representan esta última tendencia. Outros que van de Bernat Perret a Jean Paul Fitoussi ou Pierre Rosanvallon³ "esfórzanse por defini-lo que rexeitaban en considerar como unha terceira vía, para non verse confundidos con Jacques Chirac. Cuestionan o Estado providencia, reclaman a súa adaptación e queren volver formula-las bases dunha sociedade que garanta a cohesión social".

³ NT: Fitoussi, presidente do OFCE un dos principais institutos de estudos económicos de Francia, e Rosanvallon, secretario xeral da Fundación Saint Simon, ámbolos dous membros da Comisión Minc que realizou o polémico informe "*La France de l'an 2000*" e que abriu un debate sobre o concepto, o xogo social da igualdade..., publicaron en 1996 o libro *Le nouvel âge des inégalités*, Seuil, 1996.

OUTROS VALORES: Malia os seus desacordos, e con inflexións, os uns e os outros levan a cabo críticas fundamentais que, máis alá do traballo, colocan ós mecanismos económicos no banco dos acusados. Tal vez non se recoñezan no libro de Pierre Thuillier, *La grande implosion* (Fayard), pero, á súa maneira, toman distancias con dogmas, ós seus ollos demasiado imperativos, como son as nocións de rendibilidade, crecemento, competitividade e produto interior bruto, nos que deberían resumirse as supostas riquezas do pobo.

Nesta liña, Dominique Méda prácese en subliña-la lóxica dun sistema no que é preciso consumir "civicamente" para producir, e producir para que haxa, digamos, traballo para todos. ¡Absurdo!, di Dominique. Como se a vida se limitase ós únicos bens materiais. Como se o equilibrio dunha sociedade se medise unicamente polas únicas *performances* económicas. E como se a busca de traballo o xustificase todo⁴.

O outro artigo refírese á polémica que estalou en Francia, Alemaña... e está tendo lugar en España (durante as eleccións do 3 de marzo de 1996 a redución da xornada laboral foi un dos puntos máis debatidos) debido ó recrudescencia do paro. Trátase da polémica sobre o reparto do emprego e a redución do tempo de traballo.

Trátase dun vello asunto, o da xornada laboral, cabalo histórico de batalla do movemento obreiro e das forzas políticas, sindicais... máis combativas que o definen. Nos anos 60, cos movementos do 68, os movementos radicais, ecoloxistas, emancipadores lanzaron o tema "traballar menos e vivir mellor", retomando argumentos como os do cuñado de Marx, Paul Lafargue, que defendera na súa obra *O dereito á preguiza*, dos socialistas utópicos, anarquistas, marxistas, revolucionarios...

En países nórdicos, debido ós avances tecnolóxicos, ás presións sindicais, ós cambios no concepto de traballo e formas de vida, ós novos modos de organización, xestión e funcionamento das empresas, dos recursos humanos, a partir dos anos 70 puxéronse en marcha iniciativas sobre flexibilización da xornada laboral, xornada á carta, emprego a tempo parcial, redución de xornada.

Nos anos 80, sindicatos de gran peso coma os alemáns, e en sectores claves como o metal, lanzaron a reivindicación das 35 horas semanais de xornada laboral. Debido ó aumento das cifras de paro, ás reestruturacións laborais e empresariais..., en diferentes países europeos (Alemaña, Francia...) e en grandes empresas iniciáase a semana laboral de catro días, o que, ademais, comeza a discutirse formalmente polos gobernos, parlamentos...

Trátase do artigo titulado "Restaura-la liberdade do tempo de traballo", publicado en *Le Monde* o xoves 21 de decembro de 1995, por Pascal Salin, catedrático da Universidade Paris-Dauphine, cando se produciron en Francia grandes mobilizacións, fundamentalmente por parte dos empregados públicos, para defender diferentes vantaxes sociais e

⁴ NT: Habería que entender, que defini-lo que se entende por traballo en relación co sentido emancipador da vida tanto individual como colectiva. Pero convén tamén, ademais de analizar criticamente cales son as funcións sociais do traballo realmente existente a escala trans-, mega-, macro-, meso- e micro- social, saber cal é a situación e a condición dos que non o teñen, ou dos que o teñen en precario, están subempregados, viven con grandes dificultades, dos vellos e novos pobres. E que é o que se fai para remedia-la súa dramática situación.

contra a política do presidente Chirac e do goberno Juppé. Artigo no que se atacan duramente as propostas de reducir regulamentariamente o tempo de traballo...

Escribe Pascal Salin: "Dende cando menos 20 anos, as *políticas de emprego* sucédense, pero o paro aumenta inexorablemente. Está claro que estas políticas fracasaron e que non merecían o nome que se lles atribuíu. Os homes políticos e unha parte da opinión pública, á luz dos feitos, están dispostos a admitir calquera outra solución, sobre todo se lles parece fácil e está en liña cos seus intereses. Polo tanto, non hai que asombrarse se a redución do tempo de traballo parece tan seductora, ata o punto que foi motivo dun acordo entre a CNPF (Consello Nacional do Padroado Francés) e os sindicatos dos asalariados no marco dunha negociación xeral sobre a anualización.

Esta receita pode enunciarse como unha demostración matemática, e é o que se fai: sabendo que existe —tal é a hipótese crucial— un certo número de horas de traballo por ano en Francia, para suprimi-lo paro, abonda repartir estas horas de traballo entre todos os que están en idade de traballar, por exemplo, pasando a semana de traballo de cinco a catro días.

En realidade, a única cuestión que se debe suscitar, se se é capaz de facer algo mellor que unha simple división, é a seguinte: ¿a que se debe que non exista máis emprego, o que, necesariamente, obriga a repartir-la penuria? Formular este asunto supón xa, en parte, respondelo. A cuestión implica, en efecto, que o paro provén do feito de que un traballador potencial e un empregador potencial non chegan a poñerse de acordo: ou ben as condicións ofrecidas polos empregadores non satisfán ós traballadores, ou ben as condicións que habería que ofrecerlles ós asalariados non son rendibles para os que empregan. Dito doutra maneira, o paro non constitúe unha sorte de fatalidade inexplicable, é o resultado de decisións humanas, tomadas nun certo marco, contexto institucional. O dereito de traballo, a negociación colectiva, o salario mínimo, que son outros tantos obstáculos a unha libre negociación do salario e das condicións de traballo, constituén innegablemente obstáculos ó emprego. Non obstante, nós quixeríamos insistir no papel nefasto que xoga o sistema das deducións obrigatorias. Na nosa opinión esta é a causa maior do paro: o nivel extraordinario de expoliación fiscal que sofren os franceses mata, en efecto, os incentivos productivos.

Se non hai emprendedores, non hai traballadores, isto debería ser unha evidencia. Sen embargo, o sistema está constituído de tal maneira que o emprendedor sofre totalmente as consecuencias dos seus fracasos —atópase sen subsidio de paro cando quebra— pero, no caso de que teña éxito, o produto dos seus esforzos élle case completamente confiscado. Nestas condicións, ¿como asombrarse de que o paro sexa importante e que aumente tódolos días? O sistema fiscal e social actual, que penaliza en proporcións considerables a creación do valor debido a un intercambio contractual entre un empregador e un asalariado, é o fenómeno destructor do emprego.

O paro explícase, así, polos efectos do sistema de deducións obrigatorias sobre os incentivos para traballar dos asalariados: no sistema institucional actual, a ganancia marxinal que se consegue ó pasar dunha situación de non traballo a unha situación de traballo é pouco incitadora en moitos casos. O nivel de vida de moita xente depende cada vez menos do seu salario directo (é dicir, dos seus esforzos) e cada vez máis do que se re-

parte polos sistemas de transferencias públicas. O paro procede, en gran parte, do que sucede nun sistema de colectivización das ganancias e de individualización dos custos: as satisfaccións conseguidas son independentes do esforzo; as cotizacións e impostos pagados son proporcionais, ou máis ca proporcionais, ós esforzos.

Por iso, está completamente claro que o reparto do traballo non modificaría en nada o mal funcionamento do sistema de incentivos: a redución do tempo de traballo, ó non actuar sobre as causas do paro, non pode, en absoluto, contribuír a reduci-lo. Todo o contrario, non pode máis que aumentalo ó acentua-los erros do sistema actual.

¿Cal é, en efecto, o cálculo dun emprendedor cando pretende empregar a un traballador? Toma esta decisión a partir dunha previsión concernente ó que espera gañar (e o coeficiente de risco) como resultado do devandito emprego. Debe soportar custos de emprego: custos de investigación pero, sobre todo, custos de cualificación, pois o traballador ten, probablemente, ó principio unha produtividade baixa, que aumenta ata un certo valor, a longo prazo. O empregar é arriscado, pois non se coñecen perfectamente as capacidades de cualificación do asalariado, e a duración da súa presenza na empresa. Sendo estes custos fixos, se se diminúe a duración do traballo, o custo unitario dunha hora de traballo aumenta, polo tanto, para o empregador.

A proposta de comparti-lo traballo non ten en conta a existencia destes custos. Pero supón, tamén, que os homes son intercambiables: ó comparti-lo traballo entre empregado e parado, non se cambiaría o número total de horas de traballo —é dicir, o nivel verdadeiro do paro—, senón que estas horas de traballo serían efectuadas por un número maior de traballadores. Sen embargo, os homes non son intercambiiables.

A idea dunha substitución, un intercambio case perfecto entre traballadores non é de recibo, incluso para a categoría de traballadores que se denomina pouco ou nada cualificados. *Hai, certamente, un certo número de persoas que non superaron certa formación escolar ou universitaria. Pero isto non é a cualificación*⁵. A cualificación é a adaptación concreta a un traballo concreto. Un individuo pouco formado ó comezo pode resultar moi cualificado na empresa na que está, ó adaptarse ó seu ambiente humana, adquirir competencias técnicas específicas e intransferibles, etc.

Se se ten en conta o aumento do custo horario do traballo que suporía a redución do tempo de traballo, non sería posible mante-lo número de horas de traballo total. Polo que, se as riquezas creadas cada ano en Francia diminúsen a causa da redución do tempo de traballo, isto implicaría que habería menos produción para pagar unha protección social equivalente, o que daría lugar a unha redución do salario directo por hora (e ó estoupido definitivo do sistema de protección social). A destrución dos incentivos productivos, causa maior do paro, veríase reforzada: a ganancia suplementaria obtida ó entrar no mercado de traballo sería aínda máis débil e incitaría a traballar menos. Por iso, a redución do tempo do traballo non podería máis que aumenta-lo paro. Se a redución obrigatoria da duración do traballo é non só completamente ineficaz dende o punto de vista da creación de empregos, senón incluso prexudicial, a redución do tempo de traballo non sería

⁵ NT: Unha cousa é a titulación, a "titulitis", a "mastermanía", a "diplomatitis"... e outra a formación real que en moitos casos non ten nada que ver cos títulos. Véxase neste sentido a R. Ackoff (1993): *Las fábulas antiburocráticas de Ackoff. Reflexiones irreverentes*, Coll. "Management", Granica.

menos desexable, e iso sempre que fose desexada polas dúas partes en causa: o asalariado e o emprendedor. Debería ser, non imposta por vía lexislativa, senón deixada á liberdade contractual, o que suporía abandonar toda definición legal do tempo de traballo (incluso baixo a forma de duración anual).

Neste caso, ás veces podería suceder que as partes fixasen o tempo de traballo en determinadas empresas en 36 horas, noutras en 28 e, talvez, en 42 ou 45 noutras... ¿Por que nin deixar esta liberdade contractual?⁶ Un dos obstáculos maiores provén da rixidez da regulamentación laboral que non establece máis ca dúas situacións: o traballo segundo o tempo legal e o paro a "tempo completo".

Convén, polo tanto, que a flexibilidade do tempo de traballo non sexa nin fomentada nin castigada, senón que sexa posible. Sen embargo, algún dos defensores da redución do tempo de traballo pide que existan incentivos fiscais para animar esta redución. O que implicaría trasladar as cargas ós outros, co risco de que esta sobrecarga sexa de novo creadora de paro. Pero se, por outra parte, alguén quere traballar 48 horas por semana, ¿por que non permitírllo? Abondaría que, cando menos, non fose castigado o que sucede na actualidade ó verse obrigado a pagar máis impostos —sobre todo coa progresividade do imposto sobre o ingreso— e máis cotizacións sociais, ó producir máis riquezas. Como pagamento ó seu traballo suplementario, ó ter pagado máis impostos e cotizacións, non terá ningunha contrapartida. Imaxinemos un mundo diferente, onde o sistema de cotizacións obrigatorias non castigasen o esforzo e onde a determinación do tempo de traballo fose totalmente libre. Sucedería que habería algúns que preferisen traballar máis, utilizar mellor as súas capacidades e consagrar unha parte do seu salario a mercar servizos que non estarían interesados en producir eles mesmos. Ó obrigar á xente a traballar menos, suprímeselle, anúlasele esta liberdade de elección. A redución do ingreso que lles queda, unha vez pagados os impostos e as cotizacións, obrígalles a encargarse de actividades que outros farían moito mellor para eles. Incítase pois ás xentes a vivir en autarquía en lugar de beneficiarse dos froitos do intercambio, e por iso destrúense empregos potenciais. Sen embargo, é o intercambio o que permite a cada un o especializarse no que relativamente fai mellor, o que constitúe, dende este punto de vista, un gran factor de progreso. Reducindo continuamente o tempo de traballo anúlase esta ganancia. Non é a redución do tempo de traballo senón o seu aumento, así como o alongamento da vida profesional, o que permitiría hoxe resolver-lo problema do paro, financiar-lo crecemento dos gastos de protección social e satisfacer mellor as necesidades concretas dos individuos⁷.

"Desta maneira, a redución do tempo de traballo é unha boa idea, pero a condición de que non sexa obrigatoria, que non sexa subvencionada nin castigada, que sexa considerada como unha solución ó problema do paro e que non faga imposible o aumento do tempo de traballo ós que o desexen. Por consecuencia, máis que redución do tempo de traballo, conviría, sobre todo, restaurar-la liberdade de traballo".

⁶ NT: A liberdade contractual non pode supoñer unha licenza para explotar, para volver á explotación intensiva, pois o poder na empresa é unha variable que non se pode esquecer.

⁷ NT: ¿Quen define as "necesidades concretas dos individuos" e ¿como?, ¿cales son?